



## 12.- APP para dispositivos Android, IOS (Apple) e Apple Watch

Podes acceder ás diferentes ferramentas que esteas a empregar en programación tamén desde a APP para smartphones, dispoñible para dispositivos Android e IOS (Apple) incluído o Apple Watch, nas respectivas tendas (Google play e App Store)

Desde a App para smartphones poderás:

- Acceder cos mesmos datos de rexistro que tes na aplicación online.
- Traballar cos diferentes cartafol que teñas creados ou ós que esteas convidado/a.
- Traballar nas catro etapas dispoñibles para Galicia.
- Visualizar tódalas UDIS-UDS (cos seus correspondentes apartados) que teñas creadas en cada cartafol.
- Visualizar as diferentes semanas do diario de clase.
- Aprazar algunha das sesións do diario de clase de xeito que queden almacenadas nunha nova semana en programación.
- Xerar en pdf o perfil de área, competencial, táboa para a programación (agrupada por instrumento ou tipo, o ben sen agrupar) e currículo da área/CC e nivel que desexes de cada cartafol.
- Cambiar o teu avatar de usuario usando a cámara ou galería do dispositivo.
- Ler o código QR dos alumnos/as e acceder directamente á súa ficha.
- Facer anotacións tanto o teclado, como manuscritas nas tablets, nunha axenda que inclúe o calendario escolar de Galicia. Tamén poderás engadir citas con recordatorios de aviso.
- Xestionar os teus grupos de alumnos/as:
  - Controlar as faltas de asistencia (sistema sincronizado co calendario online da web) e ter gráficos estatísticos das mesmas.
  - Empregar o anecdotario online directamente desde a APP sincronizándoo co dispoñible na aplicación online da web.
  - Empregar o sistema de anotacións das reunións coas familias/alumnado sincronizándoo co dispoñible na aplicación online da web.
  - Facer anotacións nas diferentes probas que teñas introducidas no caderno do docente para cada alumno desde a aplicación web, sincronizándoas coas existentes na mesma.
  - Cambiar a fotografía de cada alumno/a usando a cámara ou galería do teu dispositivo.

Desde a Apple watch poderás:

- Ver o diario de clase da semana elixida na aplicación do Iphone – Ipad, amosando sempre o día actual de forma automática
- Aprazar un exercicio da semana usando Force Touch.
- Engadir un novo exercicio na semana “aprazados” usando Force Touch
- Ver a lista de alumnos/as do grupo elixido na aplicación do iphone - ipad.
- Para cada alumno engadir unha anécdota usando Force Touch.
- Para cada alumno engadir unha reunión usando Force Touch.
- Para cada alumno xestionar/visualizar as faltas de asistencia do día.
- Nas accións con Force Touch podes dictar o elemento a engadir co menú nativo do Apple watch.

**Para poder descargala tan só tes que entrar en Google play no teu dispositivo Android ou en App Store no caso de ser un dispositivo IOS (Apple), e buscala como “programame-UDIS”.**





### Funcións básicas no Apple Watch:

Navega entre as vistas deslizando o dedo cara a esquerda ou dereita.

Cando cambias de cartafol, grupo, etapa ou semana na aplicación deberás voltar a esta pantalla para que actualice os datos de referencia a amosar.

Escolle un exercicio concreto presionando sobre el

Usando Force Touch na ficha dun alumno ou exercicio do diario de clase o menú que aparecerá será similar a este (exemplo do diario de clase para aprazar), coas opcións respectivas dispoñibles.

Escolle un alumno concreto presionando sobre el

Lembra que o Apple Watch amosará sempre o contido que teñas elexido na aplicación, se por exemplo queres cambiar de cartafol, etapa, grupo ou semana, terás que cambiálo na aplicación e poderás visualizalo xa no Apple Watch.

### Funcións básicas no Smartphone (android e iOS):

Accede os teus arquivos, poderás subir imaxes desde a APP e acceder a aqueles que teñas subidos desde a versión web. Tamén poderás borrar os arquivos dispoñibles.

Lector de códigos QR dos alumnos e para vincular co apple watch

Navega entre os diferentes apartados da App (cartafoles – UDIS – diario de clase – alumnado). Podes facelo premendo o botón ou “deslizando as pantallas lateralmente”

Amosa datos informativos do contido do cartafol escollido neste momento.

Escolle un dos teus cartafoles para poder traballar con el. Aparecerá marcado de cor verde.



Accede ós aspectos de configuración da APP (ver explicación máis abaixo), ben na icona correspondente ou premendo sobre a imaxe do usuario.

Alí poderás cambiar tamén o teu avatar (imaxe de usuario) – versión 1.1.2 ou superior.

Abandona a sesión do usuario actual, voltará a pedirse o usuario e contrasinal para acceder novamente.

Escolle a etapa na que queres traballar, no despregable, amosará ós cartafoles existentes na mesma.

Xera en pdf os seguintes documentos: perfil de área, competencial por procesos, táboa para a programación agrupada (instrumentos ou tipos), sen agrupar e currículo. Premendo no botón deberás escoller que documento e para que nivel e área/CC o queres xerar. (versión 1.1.5 ou superior)





Gráfico informativo da cantidade de trimestres marcados en cada UDI-UDS, cantos máis trimestres marcados maior será o sector do gráfico. A cor correspóndese coa asignada a cada UDI-UDS.

As UDIS e as UDS veñen indicadas por unha icona diferente. A mesma que se emprega na versión web.



Amosa a lista de UDIs do cartafol escollido na pantalla anterior, facendo click sobre cada unha deas poden visualizarse (non modificar) os apartados que contén. A cor asignada a cada UDI é a mesma que figura na aplicación.

Xerar o PDF da UDI-UD premendo este botón.... poderás seguir usando a APP e cando estea dispoñible o PDF recibirás un aviso.



Expande os diferentes elementos da UDI-UD para ver o seu contido. En avaliación docente tamén poderás escribir as túas anotacións e propostas de mellora sobre a UDI, sincronizándose coa aplicación web.





Xera a táboa do diario de clase en pdf. Para xerar o modelo completo terás que facelo desde a propia aplicación web.

Número de sesións dispoñibles na semana escollida do diario de clase.

Cando haxa unha data de celebración indicada no calendario escolar, aniversario de algún alumno/a dos teu grupos, ou efeméride aparecerá indicada automaticamente no día correspondente.

Visualiza as sesións indicadas na semana que estea escollida, automaticamente situarase no día actual.

Facendo click sobre cada unha poderás acceder ós elementos que conteña (agás estándares e contidos), así como a un botón \* "aprazar" e \* "mover" para cada unha delas.

Cada día da semana ten asignada unha cor para distinguilos de forma doada.

\* Cando aprazas unha actividade/exercicio esta é incluída na semana APRAZADOS DESDE APP, cando moves unha actdividade/exercicio podes decidir a que semana a queres mover, das que xa teñas creadas.

Sesións **aprazadas** actualmente, premendo sobre esta opción amosará ditas sesións.

As sesións aprazadas aparecerán na aplicación web nunha semana específica para que poidas movelas a unha nova semana que poidas crear.

Engade un exercicio/actividade de forma rápida, tanto a unha semana como á "aprazada desde a APP para usala logo"

Escolle entre as semanas dispoñible para o cartafol actual, por defecto cargará sempre a última semana dispoñible (ó entender que será a actual) situándoa no día actual (p.e. , se é martes situaráa no martes).

Podes ocultar unha semana na app, por exemplo se tes creada a semana próxima pero queres que se amose a actual por defecto, incluíndo como nome de semana desde a web (ocultar)

Engade un novo alumno/a, poderás editar os diferentes elementos da súa ficha desde a versión web en recursoseducativos.net. Poderás indicar un dos grupos existentes ou crear un novo indicándoo no campo correspondente.

Amosa a lista de alumnos do grupo (que podes xestionar desde a aplicación web), escollendo algún deles accédese á súa ficha persoal de traballo.


Preme o botón e emprega a cámara do dispositivo (traseira ou frontal, con ou sen flash) para ler (scanear o código QR dalgún alumno/a e será levado directamente á súa ficha.

Estes códigos poden xerarse no apartado "xestión do alumnado e grupos" na aplicación web, e saen automaticamente nas listas de control.

Xestiona os teus equipos cooperativos de alumnos/as, podes cambiar os nomes dos equipos así como crear un novo ou eliminalo.

No apartado "equipos" da ficha de cada alumno/as poderás indicar en cal deles incluír a cada un.

Escolle no desplegable entre os teus grupos de alumnos





Data da próxima/última reunión prevista coas familias ou alumno/a.



Gráfico de faltas do alumno no mes actual, premendo sobre cada sector indicase o número de faltas. (verde asistencia e vermello falta)

Este sistema está sincronizado co calendario online da web.

Accede ás anécdotas ou reunións do alumno/a, poderás visualizar as existentes, modificalas ou introducir unha nova directamente na data que desexes.

Sincronizase co contido da aplicación web.

Dentro de cada apartado poderás xerar o pdf correspondente no botón dispoñible ó efecto.

Preme aquí para acceder ós datos do alumno/a que figuran na aplicación web:  
- Poderás editar/engadir o campo "outros datos"  
- Tamén poderás cambiar a foto do alumno/a desde a cámara ou galería do dispositivo. (desde a versión 1.1.0)

Accede para engadir cualificacións ou anotacións nas probas que teñas establecidas no caderno do docente, tamén poderás engadir unha imaxe desde a fotografía ou galería do dispositivo como adxunto a cada anotación.

Marca se falta ou asiste no día escollido (por defecto aparece marcado como asiste) e como data o día actual. Podes cambiar de data premendo sobre a mesma.

Gráfica estatística das faltas do alumnado nos últimos 12 meses.







Descarga un pdf co calendario escolar do curso actual, incluíndo o calendario escolar de Galicia.

Suscríbete ó calendario de recursoseducativos.net, que inclue o calendario escolar oficial de Galicia para cada curso e as celebracións máis relevantes.

Busca entre os eventos e citas que teñas no teu calendario



Podes escoller entre tres tipos de vista:

- mes (permite engadir – editar anotacións)
- curso: amosa o calendario do curso elixido sinalando días festivos e aqueles que teñan anotacións
- anual: amosa o calendario anual do ano elixido sinalando días festivos e aqueles que teñan anotacións
- lista: amosa a modo de lista os eventos do mes elixido.

En cada unha das vistas, pode facerse click sobre o mes ou día e automaticamente serás levado á vista de “mes”, no día sinalado, para poder editar ou engadir eventos.

Engade (e modifica) diferentes anotacións e citas na axenda. Poderás incluílas ben co teclado ou tamén de forma manuscrita, empregando u stylus ou o apple pencil. A opción de introducción de textos manuscritos só está dispoñibles na tables, nas versións para smartphones só poderás ver as anotacións manuscritas.

Estas anotacións poderás velas tamén no apartado “diario de clase” da aplicación web, para telos en conta á hora de planificar cada semana.


Engade no día elixido un texto co teclado.



Engade no día elixido un texto manuscrito, empregando un stylus compatible ou o Apple pencil.. Só dispoñible nas versións para tablet.


Activa/desactiva a notificación da cita., premendo este botón, recibirás un aviso na hora indicada, ou no rango escollido (varios minutos antes, horas días...) podes escollelo no despregable que aparecerá, para cada cita de forma independente

Engade unha cita no día e hora elixido, para modificar o texto toca dúas veces.



Modifica a data ou a hora indicada para a cita (os avisos actualizaranse para os novos datos introducidos de forma automática)





Podes modificar a data dun evento tanto de tipo texto como manuscrita, premendo no botón do pequeno lapis que aparece ó lado da data.

Fai click para modificar o texto da anotación introducida no día da axenda.

Nas tablets poderás modificar o contido manuscrito, introducido anteriormente facendo click sobre a imaxe da mesma. Na nova ventá poderás traballar con ela.

Nos smartphones poderás abrir a imaxe do texto manuscrito só para lelo ou borrar algunha das páxinas.



Borra a páxina actual.

Preme aquí para gardar os cambios e voltar á pantalla anterior da "axenda".

Lembra que de forma automática son gardados os cambios uns segundos despois de que se detecte que remataches de escribir.

Navega entre as páxinas, se pasas á seguinte, e non existe, será creada.

- Lembrar que nos considerem **700€** máis do P+PP que temos que xustificar  
- **Fixar data de docencia** que quedou pendente  
- Preguntar se teñen **fotos do Salón do libro** para a web

Modifica a data da anotación manuscrita

Escrebe o texto manuscrito na zona branca

Fai click para abrir a lista de cores dispoñibles para o lapis e escribir con el.

Escolle con que ferramenta queres traballar, lapis, suliñador ou goma de borrar. Tamén podes empregar o botón desfacer. Alterna entre modo de escritura (lapis-destacador) e o modo de "accións" como cambiar de páxina desprazando o dedo.






Cambia a túa imaxe de usuario, sincronízala coa web, empregando a cámara ou a galería de fotografías. Verás marcada una parte cadrada para para selecciónala de modo que manteña as proporcións.

Activa ou desactiva a opción de "deslizar", con ela arrastrando o dedo lateralmente navegarás entre as diferentes seccións. Por defecto aparece como activada.

Escolle a concreción curricular a empregar cando se escolla a etapa de infantil de entre os centros dispoñibles, este dato sincronízase coa aplicación web. Desde a versión 1.1.5

Por defecto aparecerá marcada, se non se cambiou na web, a do CEIP Pedro Antonio Cerviño.



Escolle se amosar ou non as áreas de libre elección, creadas e introducidas polos centros, nos listados de áreas. Desde a versión 1.1.5

Por defecto aparece marcado como "non"

Se queres amosar só as do teu centro o seu código debe aparecer indicado, podes xestionalo no teu perfil da web recursoseducativos.net

Accede ó teu "mercado", Google play para Android e App Store para ios (Apple), na ficha da aplicación para que poidas valorala e deixar os teus comentarios.







Lembra que podes empregar a APP tanto en horizontal como en vertical, en smartphones ou en tablets.

É importante sempre actualizar a aplicación á última versión dispoñible, activa as actualizacións automáticas ou visita regularmente a App Store ou Google play, segundo o caso, e permanece atento/a ós boletíns de novidades que se envían desde recursoseducativos.

Este manual fai referencia sempre á última versión dispoñible da APP, consulta na app-store ou google-play se existe una actualización dispoñible, se ben deberías ser avisado automaticamente.

